



BASES

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL “MIRADE O MÁIS PRETO DE VÓS”

PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN E OBXECTO

O Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA) de Moeche redacta as bases para regular e normalizar o I concurso de fotografía medioambiental “Mirade o máis preto de vós” que poñemos en marca con motivo da conmemoración do 20 de Novembro, Día Internacional dos Dereitos da Infancia.

Este ano, centraremos os nosos esforzos en traballar para concienciar á veciñanza de Moeche sobre a importancia de actuar fronte ao cambio climático e para a preservación dun medioambiente limpo e coidado.

O futuro do planeta é o noso futuro!

SEGUNDA: CATEGORÍAS E REQUISITOS

Pode participar calquera persoa **entre os 6 e os 99 anos**.

As persoas participantes deben **presentar 2 fotografías**:

- 1 dun lugar contaminado ou degradado de Moeche (pode ser contaminación lumínica, acústica...)
- 1 dunha zona natural de Moeche

TERCEIRA: PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías deberan enviarse a correo@moeche.gal entre o 4 de novembro ás 12:00 horas e o 13 de novembro ás 14:00 horas.

No correo enviarase a fotografía cun texto debaixo, para concienciar as persoas do que está sucedendo.

CUARTA: XURADO E PREMIOS

Os premios daranse da seguinte forma:

- A mellor fotografía será colgada no Concello de Moeche, e a primeira persoa fotógrafa clasificada levará un queixo de Moeche.
- As fotografías da segunda persoa clasificada levará un par de entradas para



o castelo

- A terceira persoa clasificada, levará un diploma de recoñecemento e a impresión das fotos.

As fotos das persoas clasificadas serán impresas e colgadas para a súa exposición no Concello de Moeche. Todas elas levarán ademáis o diploma de recoñecemento.

O xurado estará formado polo CLIA de Moeche.